

## Proxecto Abalar

Contributed by Administrator  
miércoles, 09 marzo 2011

### PROXECTO ABALAR IMPLANTADO EN 1º E 2º DE ESO

ABALAR é o proxecto para a integración plena das TIC na práctica educativa en Galicia, como unha das áreas prioritarias de intervención da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

ABALAR organizará os recursos existentes cara a acadar o aproveitamento efectivo dos contidos dixitais existentes nas redes nuns centros educativos cada vez máis preparados tecnoloxicamente.

O proxecto ABALAR, liderado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, levará a cabo un proceso de cambio no que converxerán de forma coordinada e aliñada os seguintes eixos sobre os que se desenvolve o proxecto:

- Equipamento e infraestruturas.
- Contidos educativos.
- Fomento da cultura dixital.
- Integración e participación.

A estratexia do proxecto ABALAR xira arredor do concepto de centro educativo dixital. O centro educativo dixital supera o

concepto de centro educativo tradicional e persegue dispor de recursos humanos e pedagóxicos, así como de infraestruturas e servizos axeitados para o uso cotián da tecnoloxía por parte de todos os axentes da comunidade educativa, na actividade docente, de aprendizaxe e administrativa.

Para acceder a máis información (preme):

<http://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/>